

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Máis dun cento de doentes reciben tratamento de hemodiálise no Hospital HM La Esperanza

HM Hospitales e ALCER Coruña prolongan a súa colaboración en apoio á saúde renal

- A continuidade deste convenio permitirá impulsar novas liñas de actuación orientadas á educación sanitaria e ao acompañamento emocional
- A enfermidade renal crónica afecta a máis de 7 millóns de persoas en España e estímase que a súa prevalencia continúe en aumento nas próximas décadas

HM Hospitales renovou o seu convenio de colaboración coa Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril (ALCER) da Coruña, reafirmando así o seu compromiso coas persoas que padecen patoloxías renais na comunidade galega. Cunha dotación económica de 6.000 euros, este acordo ten como obxectivo desenvolver iniciativas conxuntas que melloren a calidade de vida dos pacientes e as súas familias, ao mesmo tempo que se impulsa a sensibilización social ante unha enfermidade que afecta a máis de sete millóns de persoas en España e cuxa incidencia se espera que continúe en aumento nas próximas décadas.

Entre os principais factores que explican o aumento destas enfermidades atópanse a diabetes, as patoloxías cardiovasculares, o exceso de peso, a hipertensión e o tabaquismo, responsables de catro de cada dez novos diagnósticos. Neste sentido, e grazas á achega económica realizada por HM Hospitales, máis de 100 pacientes anuais reciben unha atención integral a través do equipo médico do Hospital HM La Esperanza de Santiago de Compostela.

Segundo sinalou Alfredo Saborido, coordinador de ALCER Coruña, “esta epidemia de enfermidade renal crónica require dunha intervención coordinada entre a asistencia clínica e a social. No caso concreto das persoas con esta enfermidade son imprescindibles eixos para poder manter o proxecto que vida que son o acompañamento psicosocial e nutricional. HM Hospitales, no seu Servizo de Nefroloxía de HM La Esperanza en Santiago, apostou pola colaboración con ALCER Coruña na prestación destes servizos co obxectivo de acompañar na mellora da calidade de vida das persoas que padecen esta patoloxía”.

Ambas as entidades coinciden en que a continuidade do convenio permitirá impulsar novas liñas de actuación orientadas á educación sanitaria e ao acompañamento emocional. Entre elas contéplase a posta en marcha de sesións informativas sobre hábitos de vida saudables e actividades específicas para familiares e coidadores, co fin de crear unha rede de apoio sólida que axude a afrontar de maneira integral os desafíos que implica convivir cunha enfermidade renal crónica.

HM Hospitales

HM Hospitales é o Grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional, baseando a súa oferta na excelencia asistencial engadida á investigación, á docencia, á constante innovación tecnolóxica e á publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con máis de 7.500 profesionais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 54 centros asistenciais: 23 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, CardioloXía e Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular e Saúde Bucodental, Medicina Estética, Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada ademais de 23 policlínicos. Todos eles traballan de xeito coordinado para ofrecer unha xestión integral das necesidades de saúde dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 250 camas e 23 quirófanos que responden a tódalas especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center entre outros. Estes recursos engádense aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.

Departamento de Comunicación HM Hospitales

 981 569 155  663 870 867

 hmhospitales@bolanda.es

 www.hmhospitales.com